



D. RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ourense, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación a seguinte **MOCIÓN DE URXENCIA PARA ACORDAR ENTRE OS GRUPOS POLÍTICOS MUNCIPAIS A SINATURA DA MOCIÓN DE CENSURA A GONZALO PÉREZ JÁCOME POLA SÚA INCAPACIDADE PARA XESTIONAR O GOBERNO MUNICIPAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo municipal do PSdeG-PSOE pregúntase “que máis ten que pasar para que os grupos políticos deste consistorio asinen a moción de censura contra Gonzalo Pérez Jácome, xa!”

Durante os últimos días, o alcalde compareceu na Fiscalía Provincial de Ourense para declarar, en calidade de investigado, nun procedemento aberto a través de dilixencias previas que investiga se incorreu nos supostos delitos de prevaricación e malversación de caudais públicos pola baixada arbitraria dos “bolardos” que regulan o acceso ao casco antigo o 26 de febreiro de 2020. Ese día, quedará para a lembranza doutra *performance* “chulesca” do rexedor, que actuou coma se fora o *sheriff* local, lanzando esta mensaxe: “Soy el alcalde, bajen los bolardos”. Un exemplo máis da súa política-espectáculo arbitraria e irrespectuosa coas normas, que acaba por causar graves prexuízos á poboación. E se non, que lle pregunten aos que sofren nas súas carnes os efectos do “gran aparcadoiro” e “circuíto automobilístico” no que se converteu dende aquela a zona nobre da cidade.

Este lance supostamente delituoso foi seguido, sen tregua, dun novo episodio de bochorno para a política local: difundíase unha gravación na que un asesor –e familiar do propio alcalde– recoñecía, con pesar, a esixencia do alcalde de que un dos denominados “díscolos” de DO renunciara á súa acta municipal para concederlles a petición dun asesor na deputación de Ourense. As verbas chantaxe, extorsión, coacción ou acoso continuado a unha edil de DO en medios de comunicación locais, galegos e nacionais, mesturáronse cunha rolda de prensa do alcalde na que se negou, de xeito pouco valoroso e despectivo cos medios de comunicación, a clarificar o seu papel neste capítulo vergoñento, adxudicando, sen convencemento, a responsabilidade a un ou ambos dos participantes na conversa.

Tales despropósitos son uns de tantos acontecidos dende o inicio deste mandato, e reflicten o estilo de goberno dun alcalde sen escrúpulos co que fuxiu a ética polas fiestras o mesmo día que el ocupou a cadeira de rexedor.



Estamos ante un gobernante que degrada o Concello, os seus traballadores e representantes políticos, os xornalistas que desenvolven o seu rol de informadores e a imaxe que proxectamos como cidade.

Estamos a ser mal-gobernados por un pésimo xestor que perde case un millón e medio de euros na rehabilitación da emblemática praza de abastos nº 1, que malgasta millóns en persoal para proxectos baleiros e sen competencia municipal, que goberna só con dous edís, todos eles sen formación, experiencia previa nin coñecementos de administración pública, que conta con 18 asesores para tres concelleiros, que trata a administración pública coma se fora seu negocio privado, e que presume de que eles bastan e sobran para atender a capital da provincia.

Un mandatario municipal sen contacto coas administracións autonómicas e estatais, sen modelo de cidade nin interese pola integración ferroviaria, que despreza a cultura e a educación, que ignora ás mulleres na composición das súas listas electorais –ás que obrigou a renunciar ao pouco de seren elixidas– e en postos de asesoría, así como respecto de protexelas debidamente contra a violencia de xénero, e que ten as estradas, parques, beirarrúas e zonas verdes en estado de abandono, coa licitación de obra pública practicamente inexistente.

Un alcalde sen ideas para o comercio ou as prazas de abastos, cos contedores soterrados eternamente pendentes, coas principais concesións en precario (transporte público, recollida do lixo, abastecemento e saneamento, guindastre...), cun alumeadado público obsoleto e altamente contaminante, sen unha Relación de Postos de Traballo (RPT) actualizada nin Oferta Pública de Emprego (OPE) axeitada, co termalismo estragado, coa atención aos maiores, á infancia e á igualdade baixo mínimos, cunha política fiscal afastada das persoas máis desfavorecidas, e acontecendo todo isto xunto a moitas outras necesidades no contexto da pandemia máis grave dos últimos cen anos.

O PP definiu a Jácome como letal para Ourense, pero entregoulle o poder a cambio de manter o goberno da deputación provincial. Despois, os edís populares abandonaron o goberno municipal, contando que o alcalde non puidera ter nin xunta de goberno local. Unha xunta que ata fai pouco apoiaron de xeito paradoxal, que logo non souberon se deixar ou non o día que retornou o concelleiro de DO de baixa por enfermidade, e que agora parece que abandonan unha vez máis, como se lles pedía, por certo, dende o Partido Socialista e os demais partidos da oposición.

Agora que xa “resolveu” súa meta de poder na deputación, o Partido Popular debe dicirlle á veciñanza de Ourense que deixará de poñer escusas para cambiar o goberno municipal, de xeito que polo menos un dos seus sete edís asinará a moción de censura que permitirá unha alternativa



de goberno digna e de futuro para a cidade; salvo que pretendan perpetuar o microgobierno durante os máis de dous anos que restan de mandato, tal e como afirmou o propio Jácome que farían.

O PP debe asinar xa, e deixar de utilizar a escusa do veto ao candidato máis votado do partido que gañou as municipais para darlle o goberno lexitimado polas urnas que a cidade merece. Os socialistas non imos pedir que se aparte Jesús Vázquez, ou renuncie á súa acta de concelleiro ou de senador; se os populares queren facer algo de verdade pola cidade, que deixen de utilizar o seu nome en van e asinen a moción xa.

Os edís do Concello de Ourense temos a obriga de desbloquear a cidade e recuperar a confianza e o respecto cidadán e do persoal municipal para que a capital da provincia retorne á senda de progreso das restantes urbes galegas, españolas e europeas, afronte coas máximas garantías a pandemia da COVID-19, e aproveite a oportunidade de presentar proxectos aos fondos europeos *Next Generation*, como fan as restantes administracións públicas locais, estatais e nacionais.

Estas accións precisan de urxente resolución, e deben artellarse nun proxecto dialogado cos representantes políticos que fomos elixidos nos comicios municipais de 2019. Porque Ourense merece un goberno real, posible e digno e non pode seguir por máis tempo paralizada e sen rumbo, cun alcalde que está a converter a cidade de Ourense nun esperpento estatal. Existe un clamor social por unha rexencia responsable, próxima e útil para responder, con eficacia, aos problemas inmediatos, mentres deseña –a través do diálogo permanente coa sociedade– proxectos de futuro realistas para a capital provincial.

Por todo o exposto, solicítase das concelleiras e concelleiros desta corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Asinar, á maior brevidade posible, a moción de censura a Gonzalo Pérez Jácome que permita conformar o Goberno lexítimo que Ourense merece, contando con tódalas forzas da oposición, incluíndo o apoio dalgún dos sete concelleiros e concelleiras do Partido Popular para acadar, así, as 14 sinaturas necesarias para rescatar á cidade da súa parálise e desgobierno, e lograr que deixe de quedar atrás a respecto das urbes e capitais de Galicia e do resto do Estado.

Asdo.:

O VOCEIRO

Ourense, 3 de marzo de 2021

EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OURENSE

Grupo Municipal PSdeG-PSOE
Praza Maior
32005 Ourense

Teléfono 988 398 003; 988 388 100 Ext.: 1427
Email: gsmunicipal@ourense.gal